

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION EXTRAORDINARIA DO 25 DE ABRIL DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e doce minutos do día vinte e cinco de abril do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velooso Ríos, actuando como

Secretario Xeral accidental do Pleno que asina D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocado para as 9:00 horas, por orde do día de 19 de abril. Constátase quórum e ábrese sesión pública.

ÚNICO.(75). SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓNS LOCAIS DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL E INSTRUCCIÓN DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas e doce minutos, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións locais, convocadas por RD número 424/2011, do 28 de marzo, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 75, do 29 de marzo de 2011.

O Sr. Presidente explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarán números ó chou, do 1 ó 999, para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderán co número do censo electoral e seguidamente o ordenador fará automaticamente a continuación do número que saia, segundo a titulación e a idade requirida, os compoñentes das citadas mesas para presidentes, vocais e suplentes.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	158
1º VOCAL	707
2º VOCAL	325
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	484
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	4
1º VOCAL 1º SUPLENTE	23
1º VOCAL 2º SUPLENTE	84
2º VOCAL 1º SUPLENTE	612
2º VOCAL 2º SUPLENTE	74

De seguido o Sr. presidente indica que os devanditos números se introducirán no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o listado dos cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procederá a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións locais, que se contén no listado consecuencia do sorteo e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e doce minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo

110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.